

Proceso Selectivo: Auxiliar de Policía Local

Publicación bases e convocatoria: DOG Núm. 63 do 07.04.2026

Publicación nomeamento tribunal: DOG Núm. 77 do 27.04.2026

Resolución do 30 de abril de 2026 para cualificar o proceso selectivo unitario para a provisión, mediante contrato laboral temporal, de postos de auxiliares de policía local, convocado pola Orde do 27 de marzo de 2026, **pola que se lle da publicidade a diversos acordos.**

Na sesión que tivo lugar o día 29 de abril de 2026, o tribunal nomeado pola Resolución do 22 de abril de 2026, de conformidade coas bases da convocatoria adoptou os seguintes acordos:

- Informar da constitución válida e legal deste tribunal con data 29 de abril de 2026.
- **PROBA DE AVALIACIÓN DE COÑECEMENTOS**

O primeiro exercicio deste proceso selectivo de auxiliar de policía local levarase a cabo o día **14 de maio de 2026 no Recinto Feiral de Silleda, ás 10:00 horas, en chamamento único.**

Este exercicio consistirá nunha proba de avaliación de coñecementos tipo test con 50 preguntas e catro respostas alternativas, propostas por este tribunal, das cales só unha delas é correcta.

Este tribunal acordou incluír no cuestionario un total de 5 preguntas de reserva que, no suposto que se anule algunha das cuestións da proba de coñecementos, teranse en conta e puntuaranse igual que as do resto do exercicio.

A proba terá unha duración de 60 minutos e non se concederá tempo a maiores.



Proceso Selectivo: Auxiliar de Policía Local

Publicación bases e convocatoria: DOG Núm. 63 do 07.04.2026

Publicación nomeamento tribunal: DOG Núm. 77 do 27.04.2026

As persoas aspirantes deberán ir provistas de DNI ou documento fidedigno que acredite a súa identidade e mantelo en todo momento que duren o/os exercicio/s enriba da mesa asignada.

En aplicación da base 7.4 da convocatoria queda **TERMINANTEMENTE PROHIBIDO** o acceso ao recinto de celebración do exercicio con calquera dos seguintes elementos:

- **Dispositivos electrónicos:** Teléfonos móbiles, reloxos de calquera tipo (electrónicos, analóxicos ou intelixentes), axendas electrónicas, calculadoras ou calquera outro dispositivo ou instrumento electrónico.
- **Contedores:** Bolsos, bolsas, mochilas, carteiras, estoxos, fundas ou calquera outro tipo de contedor ou elemento accesorio.
- **Material de apoio:** Libros, notas ou calquera outro material non facilitado polo tribunal.

As persoas aspirantes unicamente poderán acceder ao recinto coa **roupa que vistan** e o **DNI** ou documento fidedigno que acredite a súa identidade.

INEXISTENCIA DE SERVIZO DE DEPÓSITO O CUSTODIA

Infórmase de que **non se habilitará ningún servizo de recollida, depósito ou garda** de teléfonos móbiles, reloxos, bolsos nin de calquera outro material. Nin o persoal integrante do tribunal nin o persoal colaborador asumirá responsabilidade algunha sobre estes obxectos.

Recoméndase ás persoas aspirantes que non acudan ao lugar do exame con ningún dos obxectos prohibidos.

CONTROIS DE SEGURIDADE E EXPULSIÓN INMEDIATA

O tribunal e o persoal colaborador realizarán **CONTROIS ALEATORIOS** ao longo de todo o exercicio, procedendo ao rexistro das mesas e dos efectos persoais.



Proceso Selectivo: Auxiliar de Policía Local

Publicación bases e convocatoria: DOG Núm. 63 do 07.04.2026

Publicación nomeamento tribunal: DOG Núm. 77 do 27.04.2026

A detección de calquera dos elementos prohibidos no interior do recinto, con independencia de que estea apagado, en modo silencioso ou gardado en calquera parte da vestimenta ou do corpo, suporá a **EXPULSIÓN INMEDIATA E DEFINITIVA** da persoa aspirante.

Toda persoa aspirante que se negue a someterse ao control de seguridade será igualmente expulsada de forma inmediata.

Durante a realización do exercicio deberán manter en todo momento visibles os pavillóns auditivos e que non se permite o uso de prendas de cabeza.

Non se poderá abandonar o lugar de realización da proba ata a súa finalización.

As portas de chamamento serán publicadas na páxina web da Agasp, e cada persoa aspirante será chamada unha soa vez na porta que lle corresponda de conformidade con este documento.

O chamamento establécese ás 10:00 horas e as persoas aspirantes que non comparezan ao chamamento entenderanse decaídas no seu dereito a continuar no proceso selectivo.

Rematado o exercicio por todas as persoas aspirantes, publicarase na páxina web da Agasp (<https://agasp.xunta.gal>) o enunciado e o cadro de respostas correctas do exame tipo test e o enunciado da proba de coñecemento da lingua galega.

Na referida páxina web da Agasp está publicado o modelo de plantilla de respostas correctas na realización do primeiro exercicio, co obxecto de facilitar ao persoal aspirante a súa cobertura, sen erros.

Concedéranse dous días (15 e 16 de maio de 2026) para presentar alegacións as preguntas do cuestionario. As alegacións remitiranse á dirección de correo



Proceso Selectivo: Auxiliar de Policía Local

Publicación bases e convocatoria: DOG Núm. 63 do 07.04.2026

Publicación nomeamento tribunal: DOG Núm. 77 do 27.04.2026

electrónico seguinte: seleccion.agasp@xunta.gal, indicando nome, apelidos, número do DNI e a cuestión que se impugna co motivo. Non se terán en conta as alegacións que non se axusten ao establecido neste punto.

- PROBA DE COÑECEMENTOS DA LINGUA GALEGA

O segundo exercicio do proceso selectivo, correspondente a avaliación de coñecementos da lingua galega, realizarase a continuación da proba de coñecementos.

Realizarase un chamamento único inmediatamente ao rematar a proba de coñecementos, a través da porta 1.

- PROBAS DE APTITUDE FÍSICA

Este tribunal quere informar que agás causas sobrevidas ou necesidades organizativas, o terceiro exercicio deste proceso selectivo (probas de aptitude física) levarase a cabo:

- Data: 24 de maio de 2026
- Horario: Mañá (das 09:00 ata as 14:00 horas)
- Lugar: Academia Galega de Seguridade Pública
Rúa da Cultura, s/n
36680 A Estrada
Pontevedra

Todas as persoas que superen o primeiro exercicio (proba de coñecementos) e no seu caso, o segundo exercicio (proba de coñecementos da lingua galega) están convocadas a realización deste terceiro exercicio, e deberán aportar o día destas a seguinte documentación:



Proceso Selectivo: Auxiliar de Policía Local

Publicación bases e convocatoria: DOG Núm. 63 do 07.04.2026

Publicación nomeamento tribunal: DOG Núm. 77 do 27.04.2026

1. Informe médico en que se faga constar expresamente que a persoa aspirante reúne as condicións físicas e sanitarias para a realización dos exercicios físicos deste proceso. Este informe médico deberá ser expedido dentro dos 15 días inmediatamente anteriores ao día 24 de maio de 2026 (é dicir de data posterior ao día 9 de maio de 2026).
2. DNI ou documento fidedigno que acredite a súa identidade.
3. 4 imperdibles para suxeitar o dorsal, que lle será facilitado no momento do chamamento.

A Estrada, asinado dixitalmente

A presidenta do tribunal

Paula Cajaraville Leiro

